

# PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO

## CPI DE PROGRESO – CATOIRA



**PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**

<b>ÍNDICE</b>	
<b>0</b> -Índice	Páxina 0
<b>1</b> -Oferta educativa do centro	Páxina 1
<b>2</b> -Qué queremos.	Páxina 8
<b>3</b> -Anexos achegados a este documento	Páxina 32

## 1. OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

### 1.1. Oferta educativa.

- **Educación Infantil:** Materias reguladas polo Currículo vixente.
- **Educación Primaria:** Materias reguladas polo Currículo vixente.
- **Educación Secundaria:** Materias reguladas polo Currículo vixente

Dentro das **ensinanzas académicas**, as materias optativas troncais van emparelladas do seguinte modo (O alumno/a debe escoller dúas materias):

- Opción A: Matemáticas B -Física e Química- Bioloxía e Xeoloxía
- Opción B: Matemáticas B – Economía-Latín.
- Opción C: Matemáticas A – Economía-Latín- Tecnoloxía.

Tanto no caso das materias optativas troncais coma no caso das materias optativas específicas os emparellamentos serán revisados anualmente. (Achégase modelo de matrícula)

#### ❖ **Apoios ao alumnado de Educación Primaria**

O profesorado das titorías de Educación Primaria fará unha o dúas horas de apoio dentro das aulas, preferentemente nos cursos 1º e 2º de Educación Primaria. Isto ven xustificado nunha das liñas do Contrato-Programa.

#### ❖ **Hora de ler.**

- Na ESO farase según acorde o profesorado na reunión de principios de curso.
- En **Educación Infantil e primaria** farase da seguinte maneira:
  - -Constará de 20 minutos diarios. Todos os días entre as 11:25h e as 11:45h.
  - -Rotará o profesorado mediante un horario organizado. Cada unha das mestras/es especialistas (menos o equipo directivo) asinarase cun nivel. O persoal do equipo directivo cubrirá as ausencias.

- O alumnado de Educación Primaria poderá ler os libros da biblioteca da aula ou o libro que considere.
- As aulas deberán estar abertas.
- O profesorado da hora de ler terá que ler durante ese tempo.

### **1.2. Proxectos de Dinamización do Centro.**

Dada a dificultade que entraña a dispersión espacial e a variedade de etapas ás que se atende, faise preciso intensificar aqueles elementos que contribúan a establecer dinámicas de traballo común. O traballo cooperativo e o coñecemento mutuo das necesidades e prácticas diversas do profesorado é fundamental para enriquecer a vida do Centro e crear un contorno estimulante para a aprendizaxe e satisfactorio á hora de desenvolver o noso traballo. É preciso fomentar dinámicas que non se limiten á actuación na aula, senón que traspasen os límites destas e a reforcen, dotándoa de coherencia, a acción educativa.

Cómpre, pois, destacar que a labor destes equipos é decisivo para, como o seu nome indica, dinamizar e integrar toda a comunidade educativa, principalmente todo o alumnado e profesorado, e favorecer a apertura do Centro, conectando este co seu contorno.

Todos eles tentan, dentro das súas posibilidades horarias e orzamentarias, dinamizar aquelas áreas das que son responsables, labor no que se procurará facilitarlles no futuro todos os medios ao noso alcance para potenciar o seu avance e que se sintan apoiados polo equipo directivo. Xa que logo estes, co seu esforzo, dedicación e capacidade de traballo son uns dos motores vitais para o bo funcionamento do Centro.

Todas estas actividades dinamizadoras serán revisadas anualmente e presentadas na PXA.

### **1.3. Proxectos do Centro.**

O centro forma parte dos seguintes proxectos:

- Seccións bilingües:

En Educación Primaria, na materia de Educación Plástica, nos cursos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de EP.

En Educación Secundaria, na materia de EF, nos cursos 3º e 4º da ESO.

- Contrato Programa.

Solicítanse anualmente.

- Proxecto Deportivo de Centro. PVAD

Neste proxecto, hai varias modalidades:

XOGADE. Para o alumando de 4º, 5º e 6º de EP e de 1º e 2º da ESO.

MÁIS E MELLOR ACTIVIDADE FÍSICA. Xogos e deportes nos recreos organizado polo alumnado do 3º Ciclo de EP.

- Biblioteca.

O centro forma parte do PLAMBE. A biblioteca é o eixe vertebrador do centro.

- Voz Natura. En colaboración co xornal La Voz de Galicia

Cada curso, escóllese unha temática para traballar co alumnado.

- Club de lectura.

Para o alumnado da ESO e de EP.

Outra oferta educativa que ofrece o centro e a seguinte:

- TICS

- O profesorado de Educación Primaria terá asignada unha hora á semana na aula de informática para utilizala co seu alumnado.
- O profesorado da ESO terá a súa disposición a aula de informática do seu edificio. Terán prioridade as materias informáticas e tecnolóxicas.

- Educación Medioambiental

- Brigadas de limpeza. O alumando de Educación Primaria e da ESO colaborará coa limpeza dos patios de recreo durante os recreos de clase. Esta tarefa tamén será realizada en horas de garda ou similares.
- Reciclaxe nas aulas e nos patios.
- Mantemento e creación de zoas verdes.
- Composteiro.

- Iniciación ao Piragüismo:

- O alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria iniciarase na práctica do piragüismo nos meses de maio e xuño. Esta actividade faixe en colaboración co Club de Piragüismo “As Torres de Catoira”.

- Patios dinámicos nos recreos:

- O alumnado de 6º de EP levará a cabo unha serie de xogos para o alumnado de Educación Primaria para os segundos recreos de dous ou tres días á semana.

Desta maneira, fomentarase unha práctica físico-deportiva máis diversa e inclusiva.

Todas esta oferta do centro será revisada anualmente e presentada na PXA.

#### **1.4. Actividades complementarias de Centro.**

A actividades que organiza o Centro en horario lectivo, ao longo de todo o curso para todo o seu profesorado e alumnado son as seguintes:

- Samaín. Exposición de caveiras.
- Magosto. Organización de xogos populares e degustación de castañas.
- Día de Santa Icíá (Día da música). Concerto no auditorio do concello.
- Actividades para o último día de clase antes das vacacións do Nadal. Obra de teatro no auditorio do concello e outras actividades sen determinar.
- Día da paz. Actividade conxunta para todo o alumnado e canción.
- Antroido. Desfile de disfraces por aulas. No centro e polas rúas do concello.
- Día do teatro: Asistencia a unha obra de teatro.
- Actividades para o último día do 2º trimestre. Roteiro de sendeirismo.
- Día do autismo. Actividade configurada polo Departamento de Orientación.
- Día do libro. Campaña “Un Quilo, un Libro”.
- Semana das Letras Galegas. Olimpíada sobre o/a autor/a homenaxeado e concurso literario. Xornada de convivencia co alumnado da Unitaria. Asistencia a unha actuación no auditorio do concello.
- Día do medio ambiente. Actividade medioambiental realizada polo alumnado.
- Festival e actividades do día de fin de curso. Festival e actividades dos departamentos da ESO para o alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Xogos para o alumnado de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria

Neste tipo de actividades complementarias, tamén sinalaremos aquelas outras que se ofertan de maneira regular para unha parte do alumnado. Estas son as seguintes.

- Plan director de convivencia, do Ministerio de Interior. Alumnado da ESO e de 5º e 6º de Educación Primaria. Unha vez ao curso, organízase unha charla, impartida pola Garda Civil, para informar ao alumnado sobre a seguridade e os perigos nas redes sociais.
- “Navega con rumbo”, da Consellería de Educación. Alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria

- Obradoiro sobre a sexualidade, a prevención de drogas e alcohol e habilidades sociais. Concello de Catoira. Para o alumnado da ESO.
- Obradoiro de habilidades sociais e prevención para o alumnado de 5º e 6º de EP.. Concello de Catoira.
- Visita ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Alumnado de 1º Ciclo de EP.
- Visita ao Museo Provincial de Pontevedra. Alumnado de 6º de Educación Primaria.
- Visita á casa de Rosalía de Castro. Alumnado de 3º da ESO.
- As actividades ofertadas no plan anual de actividades da Biblioteca
- Limpeza da praia fluvial do concello.
- Actividades dos concursos e proxectos nos que participa o centro: Voz Natura; Xogade; Plambe, etc.

Ao longo de cada curso escolar, propoñeranse actividades diversas a medida que nolas vaian ofertando. A elección estará suxeita ás necesidades que teñamos nese curso escolar. A intención do centro é que o alumnado, ao longo do curso escolar, poda asistir a unha obra de teatro, a un concerto musical, a unha visita cultural e a unha actividade extraescolar de carácter lúdico.

Toda esta oferta de actividades complementarias será revisada anualmente e presentada na PXA.

Co obxecto de darlle un valor máis curricular a este tipo de actividades, elaborouse un documento coa descrición e obxectivos de cada unha destas actividades. (Atópase na carpeta de compartidos). Así, desta maneira, o profesorado poderá utilizalas para alcanzar os obxectivos propostos na súa programación.

Nesta mesma liña, con cada actividade complementaria facilitarase unha ficha-control sobre o desenvolvemento da mesma para poder levala á práctica co alumnado ben como punto de partida para iniciar un debate (capacidade lingüística e de comunicación) ou ben para comprobar a comprensión dos contidos da mesma.

### **1.5. Actividades extraescolares para o alumnado de Educación Primaria e da ESO**

O centro oferta para cada nivel educativo as seguintes excursións extraescolares

- 1º EP: GRANXA-ESCOLA XANCEDA.
- 2º EP: PARQUE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO.
- 3º EP: ILLA DE CORTEGADA.
- 4º EP: MARCELLE
- 5º EP: A CORUÑA (DOMUS-AQUARIUM-PLANETARIO).
- 6º EP: FIN DE CURSO. FERVENZA-AVENTURA. 3 días. Tratarase que sexa na última semana de xuño
- 1º ESO: DUNAS CORRUBEDO (CENTRO INTERPRETACIÓN-FARO-LAGUNA), ILLA DE SÁLVORA.
- 2º ESO: Parque nacional ILLA DE ONS..
- 3º ESO: Parque nacional LLAS CÍES.
- 4º ESO: FIN DE CURSO. ROMA/ANDALUCÍA. 6 días. Tratarase que sexa na última semana de xuño

As características das excursións son as seguintes:

- Todas as excursións serán de mañá e tarde.
- Informarase ás familias en setembro e ofreceráselle a posibilidade de pagalas en tres prazos (nos tres trimestres)
- As visitas que se realicen durante a actividade son de obrigado cumprimento.
- Non se poderá facer uso do teléfono móbil durante a actividade, excepto que o permita o responsable da mesma.

Todas esta oferta de actividades extraescolares será revisada anualmente e presentada na PXA.



## QUÉ QUEREMOS.

### **1.6. Obxectivos xerais de etapa.**

Atenderanse ás finalidades e obxectivos sinalados nos seguintes curriculos de cada etapa educativa:

*DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **1.7. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía.**

- **Compromisos sobre a Metodoloxía en Educación Infantil e Primaria.**

Ao longo do curso 2016/17 o profesorado de Educación Infantil e Primaria chegou a un acordo sobre a metodoloxía das súas materias. Este acordo foi proposta na CCP do 15 de xaneiro de 2018 e aprobado no Claustro do día 19 de febreiro de 2018.

Os acordos achegados, que se ten que desenvolver en cada un dos cursos escolares, son os seguintes

- Matemáticas lóxicas e manipulativas para os cursos 1º, 2º e 3º de EP. Non haberá libro.
- A partir do curso 2019/20 tanto na Educación Infantil como na Educación Primaria utilizarase a metodoloxía de Aprendizaxe Cooperativa.
- A partir do curso 2021/21, a materia de Ciencias Naturais das materias de Educación Infantil e Primaria impartirase a través de proxectos e sen o libro de texto.

Todas estas modalidades metodolóxicas veñen motivadas polo nova normativa educativa que demanda unha ensinanza por competencias e tamén polas orientacións e conclusións da avaliación individual en 3º de EP e a final en 6º de EP.

- **Criterios sobre a Metodoloxía.**

As orientacións metodolóxicas que se deben ter en conta á hora de elaborar as programacións didácticas, e no proceso de Ensinanza- Aprendizaxe son as seguintes:

- Utilización de diferentes metodoloxías didácticas na aula, predominando aquelas que promoven unha aprendizaxe significativa e participativa por parte do alumnado.
- Dada a dificultade que entraña a dispersión espacial e a variedade de etapas ás que se atende, faise preciso fortificar aqueles elementos que contribúan a establecer dinámicas de traballo común coma o traballo cooperativo
- -É preciso fomentar dinámicas que non se limiten á actuación na aula, senón que traspasen os límites destas e a reforcen, dotando de coherencia a acción educativa.
- As metodoloxías utilizadas na aula deberán atender tanto ás áreas coma as competencias.
- Na aula é fundamental traballar con variados e numerosos recursos educativos, facendo máis fincapé en aqueles que implican unha maior manipulación e participación do alumnado no proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- As TICS deberán estar presentes na aula. É fundamental facer uso da pizarra dixital, tanto coma proxector de contidos coma medio de interacción por parte do alumnado.

### **1.8. As competencias clave.**

- **As Competencias Clave e a súa repercusión na metodoloxía.**

A LOMLOE introduce as competencias como un dos elementos do currículo. A través delas preténdese imprimir un sentido de utilidade práctica aos conceptos, habilidades e actitudes adquiridos ao finalizar a educación obrigatoria. Non obstante, as competencias deben fraguarse dende a mesma Educación Infantil, asentando as bases de tódalas aprendizaxes posteriores. Dende este punto de vista, e tendo en conta o paradigma educacional de “aprender a aprender” e de “aprender facendo” baixo un enfoque global e de aprendizaxe significativa que permita transferilas á vida real, xustifícase a súa incorporación neste proxecto.

A incorporación das competencias clave no currículo obriga a reformular a práctica educativa.

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora do/a docente.

Os currículos de Educación Infantil e Primaria establecen as competencias que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino obrigatorio.

Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo, sendo referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

Para desenvolver as competencias en **Educación Infantil** é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas; así propoñeranse tarefas e retos que inciten as alumnas e os alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades. Desde a metodoloxía de proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria. Empregando un enfoque globalizador, partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e coñecementos previos. Desde a perspectiva didáctica, o proxecto articúlase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas cales se poñen en práctica as diferentes competencias básicas.

A acción educativa na etapa de **Educación Primaria** procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo. Con este propósito, levarase a cabo a liña de formación para o profesorado sobre a aprendizaxe por proxectos.

A **Educación Secundaria Obrigatoria** organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Todas e cada unha das competencias, serán tratadas dende cada unha das materias e tamén, a nivel de centro, coa oferta das diferente actividades:

- Actividades extraescolares,
- Actividades complementarias. Ademais das actividades que están planificadas na PXA, teranse en conta calquera oferta que chegue ao centro ao longo do curso educativo.
- Actividades dinamizadoras que recibe o alumnado no seu horario lectivo de maneira regular ao longo do curso educativo.

- Actividades dos proxectos nos que participa o centro.

### **1.9. Temas transversais.**

- **Tratamento transversal da educación en valores**

A educación escolar ten como finalidade básica a de contribuír a desenrolar persoas con capacidade para se desenvolver na sociedade. Para tal fin, ademais do coñecemento de diversas disciplinas hai certas cuestións na época actual que reclaman a atención prioritaria. Os grandes conflitos do mundo contemporáneo como a violencia, as desigualdades, a degradación do medio ambiente ou os hábitos que atentan contra a saúde, non poden pasar desapercibidos para o sistema educativo.

Dentro do marco educativo, a lexislación anterior (derivado da LOGSE ) contemplaba a aprendizaxe dunha serie de temas que promoven o desenvolvemento integral dos estudantes facendo referencia a unha serie de necesidades sociais e persoais que debemos reflexar nas nosas clases para que estes sexan conscientes da importancia dos valores éticos. Estes temas, comúns a todas as áreas das Etapas Infantil, Primaria e Secundaria, recibían o nome de temas transversais.

Os temas transversais dentro do currículo son un conxunto de contidos de ensinanza, esencialmente actitudinais, que deben formar parte nas actividades plantexadas en tódalas áreas, pero sendo conscientes que os valores non se poden impor de forma autoritaria, senón que son un cúmulo de actitudes autoimpostas pola propia vontade.

Os temas transversais supoñen unha oportunidade para globalizar a ensinanza e realizar unha verdadeira programación interdisciplinar. Estes temas teñan as vantaxas , e a vez o inconveniente , de que están a orden do día co que significa esto de renovación e actualización constante por unha parte e pola outra a mesma carga ideolóxica implícita ca que o alumno se incorpora e trae do seu contexto. Pero non solo os alumnos, se non todo o persoal que conforma o sistema educativo relaciónanse dunha forma determinada cas súas ideas sobre os diferentes temas transversais. Todo esto da lugar ao que se denomina currículo oculto que fai referencia a todo o que se aprende e se ensina de forma implícita, sen intencionalidade e que pasa en gran medida inadvertido.

Especialmente importante no desenvolvemento da transversalidade vai a ser a actitude que o/a profesor/a o profesora mantén diariamente na clase co alumnado. O currículo oculto pode tener máis influencia en los niños que el formal, por lo que si decimos una cosa, pero hacemos otra, estaremos desconcertando a los jóvenes y perderán la

credibilidad en el docente y en lo que dice. Esta función de “modelos de identificación” es especialmente importante en la infancia y preadolescencia (Lucini, 1994, p. 49). Contreras (1998) insiste en que el educador contribuye a formar el carácter de los alumnos, les transmite su forma de ser y sus valores.

Os temas transvesais son os seguintes:

- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación do consumidor.
- Educación viaria
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos
- Educación para a saúde
- Educación na sexualidade

Especialmente importante no desenvolvemento da transversalidade vai ser a actitude que o profesor/a manteña diariamente na aula co alumnado. O currículo oculto pode ter máis influencia nos rapaces e rapazas que o formal, polo que si decimos unha cousa, pero facemos outra, estaremos desoncertando a estes coa conseguinte perda de credibilidade no docente e no que di. Esta función de “modelos de identificación” é especialmente importante na infancia e na adolescencia.

Unhas pautas e medidas para que o profesorado poida transmitir estes temas na súa aula, son as seguintes:

- Valorar calquera logro do alumnado, por moi pequeno que sexa.
- Non realizar descalificacións totais a un traballo ou proxecto.
- No caso de indicar un erro e deficiencia, suxerir de inmediato posibilidades de superación.
- Destacar e comentar as conductas tolerantes e flexibles.
- Valorar os esforzos empregados na realización dunha tarefa.
- Eloxar a independencia de criterio e a capacidade de ser consecuentes.
- Organizar a clase según unha serie de normas de convivencia previamente negociadas.
- Unha vez consensuada unha norma, esixir cumprila.
- Ante un conflito, formar unha comisión de alumnos/as que o estude e aporte solucións.
- Propiciar a igualdade actuando da mesma maneira en situacións similares.

- Ser capaces de pedir desculpas e subsanar erros.
- Terminado o período de traballo, propiciar unha xornada de reflexión para analizar o pasado.
- Adicar xornadas para dar a coñecer a persoas que contribuirán á mellora da humanidade.
- Potenciar o diálogo e a autoestima para resistir ás presións externas.
- Grado de participación de pais e nais.

- **Actuación directa e común sobre os temas transversais dende a nosa práctica.**

A nivel centro o tratamento planificado para os temas transversais farase da seguinte maneira:

- Hora de ler: Os venres non haberá lectura neste espazo de tempo e organizarase un pequeno coloquio e debate sobre un destes temas. Cada mes adicarase a traballar un mesmo tema transversal. Así, desta maneira, todos os temas transversais serán tratados nas aula dunha maneira conxunta e participativa. A peiorización dos temas ao longo do curso escolar farase ao longo ao principio de cada curso escolar e presentarase na CCP de principios de curso e irá publicada na PXA.
- Esta actividade vai dirixida a cada uns dos grupo-aula das diferentes etapas educativas..
- Programacións didácticas: Todas elas describirán o tratamento que farán destes temas transversais en cada materia ao longo do curso escolar. Esta medida afecta ao grupo aula.
- Actividades dinamizadoras: Todas elas conlevan, implícitamente, un desenvolvemento dos diferentes temas transversais. Debido ao seu diferente carácter, estas actividades dinamizadoras non irán ofertadas para todo o alumnado do centro. Cada actividade desenvolverase nos grupos-aula que lle corresponda.
- Proxectos e Programas de centro: Todas as actividades (charlas, visitas ou obradoiros) que emanan dos proxectos abarcan os diferentes temas transversais. Cada actividade irá dirixida aos grupos que lle corresponda.
- Actividades complementarias: Ao igual que nas actividades dos proxectos, estas están moi relacionadas cos temas transversais. Cada actividade irá dirixida aos grupos que lle corresponda.
- Actividades extraescolares: Este tipo de actividades abarcan obxectivos educativos e sobre todo, contidos actitudinais propios dos temas transversais.

### **1.10. Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado.**

#### **Educación Infantil.**

Para a avaliación e promoción á seguinte etapa, terase en conta a *ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

#### **Educación Primaria.**

*Para a avaliación e promoción á seguinte etapa, terase en conta ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

#### **Criterios para o tratamento de materias pendentes**

- Todo o alumnado con materias pendentes terá un plan personalizado de recuperación para cada unha das materias pendentes, con aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe; coas actuacións e medidas de atención no curso actual e as actuacións no ámbito curricular.

Para a realización deste devandito plan seguiremos o modelo proporcionado pola inspección educativa..

- Farase un seguimento do plan en cada avaliación que se lle irá comunicando ás familias a través de titorías presenciais ou telemáticas ao longo do curso.
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

**Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa**

- Alumnado que aprobou **todas as materias** do curso (2º-4º-6º de EP)
- Para os casos nos que o alumnado **suspenda 1 o máis materias**, o equipo docente poderá decidir a promoción sempre que se cumpran **todas as seguintes condicións**.

**Condicións curriculares/académicas**

Ter superadas todas as competencias claves da etapa.

A natureza das materias non superadas lle permita seguir con éxito o curso seguinte

Ten expectativas favorables de recuperación.

A promoción beneficiará a súa evolución académica.

**Condicións afectivas sociais:**

Terase moi en conta as seguintes circunstancias:

Grao de madurez e circunstancias persoais.

Análise e valoración das medidas de atención a diversidade.

Relación e inclusión grupal.

Atendendo ao establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación elaborárase un **plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso** no que se determina:

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:
  - a) Identificación da alumna ou do alumno.
  - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
  - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
  - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
  - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.



f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

4. Ao longo dos trimestres, as familias serán informadas mediante notificacións ou titorías da evolución da alumna ou alumno neste plan de reforzo.

### **Critérios do outorgamento de mencións honoríficas**

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do curso 6º de EP, obtivesen unha nota media entre os dous cursos do 3º ciclo da educación primaria igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención honorífica.

Nota en Educación Artística:

- Poñerase a media aritmética resultante das notas das materias Educación Musical e Educación Plástica pero sempre que tanto a nota de Educación Plástica coma a nota de Educación Musical sexa igual ou superior a un 4.
- No caso que unha das notas das materias de Educación Musical e Educación Plástica sexa menos dun 4, quedará suspensa a materia de Educación Artística.

### **Avaliación das competencias.**

A avaliación das distintas competencias en educación primaria , farase de xeito consensuado polo equipo docente que imparte clase nos distintos cursos. A calificación de cada unha das competencias decidirase na sesión de avaliación ordinaria ou extraordinaria, partindo dunhas notas rexistradas pola titora e os/as mestres/as especialistas na súa correspondente táboa de competencias por área.

### **Indicacións sobre a nota da avaliación final.**

Na etapa de Educación Primaria a nota de cada materia na avaliación final será o rexistrado na súa correspondente programación.

## Educación Secundaria

*Para a avaliación e promoción á seguinte etapa ou seguinte curso, terase en conta a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

### Crterios para o tratamento de materias pendentes

- Todo o alumnado con materias pendentes ten un plan personalizado de recuperación para cada unha das materias pendentes. Para a realización do plan de pendentes seguiremos o modelo proporcionado pola inspección educativa.
- O plan de reforzo personalizado será elaborado polo profesor ou profesora que imparta a materia, que teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e en coñecemento do profesor ou profesora titor ou titora.
- Os xefes ou xefas de departamento serán os encargados de informar ao alumnado do proceso de recuperación e informarán as familias ao inicio do curso de como se desenvolverá dito proceso, así como de organizar as datas das probas e as entregas dos diferentes traballos se fose oportuno, sempre en coordinación co profesor ou profesora da materia de non coincidir. Toda a información enviaráselles ás familias a través dun correo, ao inicio do curso.

A encargada de coordinar ao alumnado con materias pendentes será a xefa de estudos, esta encargarse de que se realice o seguimento en cada avaliación, do correspondente plan e coordinará a elaboración de seguimento de cada alumno e alumna

### Crterios de promoción do alumnado de curso/etapa

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou alumno decidirá sobre a súa promoción, tendo en conta os seguintes criterios:

Acadará a promoción:

- Alumnado que aprobou **todas as materias**.

- Alumnado que **suspende 1 ou 2 materias**, para o cómputo teranse en conta as materias dos cursos anteriores. As materias suspensas deberá recuperalas no curso seguinte, onde seguirá un plan de recuperación.

Alumnado que **suspende máis de 2 materias**. O equipo docente poderá decidir a promoción sempre que se cumpran **todas as condicións** seguintes:

- Media aritmética das cualificación obtidas en todas as materias en que estea matriculado ou matriculada sexa igual o superior a 5 puntos.
- A natureza das materias non superadas lle permita seguir con éxito o curso seguinte.
- Ten expectativas favorables de recuperación.
- A promoción beneficiará a súa evolución académica.
- Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición

### **Criterios de Titulación**

Ao finalizar o curso de cuarto e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou alumno decidirá sobre a súa titulación, tendo en conta os seguintes criterios:

- Acada a titulación: Alumnado que aprobou **todas as materias da etapa**.
- Para o alumnado que **non supere todas as materias ou ámbitos na ESO**. O equipo docente poderá decidir a súa titulación sempre que se **cumpran todas as condicións** seguintes:
  - ✓ Media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado ou matriculada sexa igual ou superior a 5 puntos.
  - ✓ A alumna ou alumno adquirise todas as competencias establecidas
  - ✓ A alumna ou alumno alcanzou os obxectivos da etapa.

### **Criterios do outorgamento de mencións honoríficas matriculas de honra**

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de

alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En caso de empate o procedemento será o seguinte:

- Propoñeranse as dúas matrículas de honra.
- De denegarse tal posibilidade terase en conta a nota media de 3º ESO, se houberse empate maior nota media en 2º ESO, e sucesivamente.

### **Avaliación das competencias.**

A avaliación das distintas competencias da ESO farase de xeito consensuado polo equipo docente que imparte clase nos distintos grupos. A calificación de cada unha das competencias decidirse na sesión de avaliación ordinaria ou extraordinaria, partindo dunhas notas de referencia establecidas por distintos profesores. Ditas notas poderán ser modificadas de modo colexiado nas sesións de avaliacións previamente indicadas.

### **2.7 Aspectos xerais sobre os deberes e tarefas do alumnado para casa.**

- O principal obxectivo dos deberes é que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave.
- O principio polo que se rixen estas tarefas é o principio de atención á diversidade, polo cal non todo o alumnado deberá levar a mesma carga e tipo de deberes.
- Os deberes teñen que ser concebidos un complemento e asentamento dos contidos traballados na aula e tamén coma unha adquisición dun hábito de traballo. En ningún caso supoñerán unha continuación ou substitución do traballo realizado na aula.
- En canto ao uso da **aula virtual do centro**, co fin de conseguir un hábito no alumnado e profesorado, estableceranse as seguintes directrices:
  - A persoa titora dos cursos 3º, 4º, 5º e 6º de EP e o de toda a ESO mandará os deberes por aula virtual, unha vez á semana, cando menos.
  - A persoa titora dos cursos 1º, 2º de EP e do 2º Ciclo de Educación Infantil deberá mandar os deberes por aula virtual, unha vez ao mes, cando menos.
  - O profesorado especialista mandará os deberes por aula virtual unha vez ao mes.
- A persoa titora de EP e o profesorado da ESO mandarán os deberes en forma de competencias unha vez á semana, cando menos. Trátase que o alumnado poña en práctica os contidos aprendidos.

- A persoa titora do 3º Ciclo de EP e o profesorado da ESO mandará, unha vez ao mes, algún deber ou tarefa que implique a utilización dunha aplicación informática como o Word ou o PowerPoint, por exemplo.

### **2.8 Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.**

- A elaboración da programación será froito do traballo conxunto do persoal docente do departamento, nivel ou equipo de ciclo educativo.
- Dende o 1 de setembro ata inicio de curso os departamentos didácticos, equipos de ciclo ou de nivel, baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento, das persoas titoras ou coordinadoras de ciclo, dedicaranse a elaborar a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas, materias ou asignaturas integrados no departamento e a organizar o curso escolar.
- Na ESO será elaborada polo xefe de departamento, e de modo conxunto e consensuado cos profesores/as que imparten materia no Departamento. Unha vez redactada será aprobada polo membros do departamento, recolléndose dito acordo na acta correspondente.
- Para a elaboración das programacións didácticas é necesario atender ao contido deste Proxecto Curricular ( criterios de avaliación, criterios metodolóxicos, temas transversais, competencias clave, avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe, criterios de promoción e titulación, etc).
- As distintas programacións teñen que responder a uns criterios homoxéneos que den unidade e coherencia a todas elas dentro dun mesmo centro educativo. A elo contribuirán as directrices que marca este documento e as que se contemplan na CCP de xuño e/ou setembro.
- Os criterios sobre metodoloxía e avaliación deberían ser comúns, aínda con algunha matización, para todos os cursos dunha mesma etapa nos que se imparte a área.
- Os xefes de departamento velarán porque os procesos de ensinanza e de avaliación que se desenvolvan nas aulas se axusten as correspondentes Programacións didácticas e as necesidades educativas dos alumnos.
- *As unidades didácticas constitúen a denominada programación de aula* e polo tanto non é necesario incluílas na programación didáctica. Aumentan notablemente o volume de papel e en ningún caso poden ser elementos prescriptivos para os profesores do departamento.

- O profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa área ou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos, e criterios de avaliación, promoción ou titulación do curso correspondente
- As programacións didácticas estarán á disposición da Comunidade Educativa nas dependencias administrativas do centro. Calquera membro da Comunidade Educativa pode solicitar a programación completa, ou parte dela, para levala, ou tamén, pode revisalas no propio centro en formato dixital. Esta información, sobre a disponibilidad das programacións didácticas, estará no taboleiro, na circular de inicio de curso e na web do centro.

O presente documento, foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día 9 de setembro de 2019

A primeira modificación deste documento, foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día 30 de xuño de 2021

A segunda modificación deste documento, foi aprobado polo Director, trala publicación da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o 10 de marzo de 2022.

A terceira modificación deste documento, foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día 2 de setembro de 2022

A cuarta modificación deste documento, foi aprobado polo Claustro de profesores e Consello Escolar nas súas respectivas sesións, celebradas o día de setembro de 2023

Catoira, a 7 de setembro de 2023

Asdo.) Fernando San Martín Zamácola  
Director

Olalla Otero Payno  
Secretaria